LIVEWORKSHEETS

# O DITONGO-O HIATO

RECORDA

As vogais que se pronuncian xuntas nunha mesma sílaba forman un **ditongo**. Forman ditongo:

- vogal aberta *(a, e, o)* + pechada *(i, u)*: *ba-teu*;
- vogal pechada *(i, u)* + aberta *(a, e, o)*: *me-dio*;
- dúas vogais pechadas *(iu, ui)*: *sen-tiu-se*.

Escaneado con CamScanner

Dúas vogais seguidas que se pronuncian en sílabas distintas forman un **hiato**. Forman hiato:

- dúas vogais abertas: *o-a-sis, xe-o;*
- vogal aberta + pechada (tónica): *fa-ís-ca*; vogal pechada (tónica) + aberta: *rí-o;*
- dúas vogais pechadas, se a segunda é tónica: *Su-í-za, mi-ú-do.*

As vogais i e u tónicas levan acento gráfico cando van ao lado doutra vogal para indicar que non se pronuncian xuntas.

Escaneado con CamScanner

*1. Clasifica as seguintes palabras segundo o ditongo.*

| | | | |
|---|---|---|---|
| **noite** | **campión** | **puiden** | **leite** |
| **peite** | **ciencia** | **moas** | **souto** |
| **coello** | **troita** | **lingua** | **continuo** |
| **riu** | **moucho** | **aire** | **abriu** |
| **auto** | **suave** | **chuvia** | **labio** |
| **moas** | **ourizo** | **diana** | **viviu** |

| aberta+pechada | pechada+aberta | pechada+pechada |
|---|---|---|
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |
| | | |

LIVEWORKSHEETS

# O DITONGO-O HIATO

## 2. Escribe as palabras con hiato correspondentes ás definicións:

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | ú | | |
| | | í | | |
| | | ú | | |
| | | í | | |
| | | ú | | |
| | | í | | |
| | | ú | | |
| | | í | | |

1. Arca para gardar a roupa.
2. Espazo de 24h.
3. Nunha vila, espazo entre dúas filas de edificios.
4. O contrario de entrar.
5. Satélite da Terra.
6. Muller que reina.
7. Non son nosas nin vosas, son ...
8. A irmá da miña nai.

## 3. Marca as seguintes palabras segundo teñan ditongo ou hiato.

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Fío | ditongo ☐ | hiato ☐ | Toalla | ditongo ☐ | hiato ☐ |
| Aceite | ditongo ☐ | hiato ☐ | Rúa | ditongo ☐ | hiato ☐ |
| Escorpión | ditongo ☐ | hiato ☐ | Herdeiro | ditongo ☐ | hiato ☐ |
| Televisión | ditongo ☐ | hiato ☐ | Moucho | ditongo ☐ | hiato ☐ |
| Paracaidista | ditongo ☐ | hiato ☐ | Moas | ditongo ☐ | hiato ☐ |

## 4. Le o texto e copia todos os ditongos e hiatos que atopes nel.

Unha vez ía eu con meu irmán cara ao colexio e antes de chegar ao paso de peóns, como non vimos coches, puxémonos a cruzar e o policía chifrounos co asubío. Ai! Que susto levamos! Porque non debiamos cruzar polo medio da rúa, era un grave perigo, podían atropelarnos. O que pasa é que iamos apurados e confiados, é algo que seica lle pode pasar a calquera, pero deunos moito apuro, porque temos ben aprendido que só se pode atravesar a rúa polo seu lugar, non por onde a un lle prace, aínda que non veña coche ningún. Pero aprendemos a lección e non se vai repetir xamais.



**Ditongos:** ____________________________________________

____________________________________________

**Hiatos:** ____________________________________________